



SESIÓN EXTRAORDINARIA E URXENTE DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 25 DE XANEIRO DE 2017

No despacho de Alcaldía do Concello de Cambre, ás oito horas e quince minutos do día vinte e cinco de xaneiro de dous mil dezasete, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión extraordinaria e urxente convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1840 de data 18 de novembro de 2016: don Juan Evaristo Rodríguez Vázquez, don Juan González Leirós, dona Leonor Fernández Grande, dona Elisa Pestonit Barreiros, dona Josefa Vázquez Soto e don Ramón Boga Moscoso.

Non asiste don Daniel Carballada Rodríguez.

Faise constar que asisten á sesión dona M^a Dolores Blanca García Fernández, concelleira con delegación especial dos servizos de Participación Cidadá e Movemento Asociativo, incluídos na Área de Presidencia; dona M^a Jesús Gómez González, concelleira con delegación especial dos servizos de Igualdade, Terceira Idade, Acción Voluntaria e Educación, incluídos na Área de Recursos Humanos, Servizos Sociais e Educación; e don Brais Cubeiro Fernández, concelleiro con delegación especial do servizo de Deportes, incluído na Área de Cultura, Deportes e Mobilidade, isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria xeral dona Maria Luisa de la Red Ampudia.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º. Pronunciamento da Xunta de Goberno Local respecto da urxencia da convocatoria e do seguinte asunto a tratar, de conformidade co establecido no artigo 133.1 a) do Regulamento orgánico municipal

O Sr. alcalde explica que, tal e como consta na resolución de convocatoria desta sesión extraordinaria e urxente, a urxencia da convocatoria vén xustificada no informe emitido pola técnica de xestión de administración xeral, responsable de Contratación, no que ante as dúbidas manifestadas polos posibles licitadores interesados en canto ao contido dos pregos publicados, propón desistir do procedemento incoado, e que isto se faga antes de que remate o prazo de presentación das ofertas.

Sometido a votación ordinaria, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros asistentes á sesión, acordou ratificar a urxencia da convocatoria e dos seguintes asuntos a tratar, isto de conformidade co establecido no artigo 133.1 a) do Regulamento orgánico municipal.



2º. Proposta de desistimento no procedemento de contratación do servizo de grúa e outros servizos especiais de empuxe, arrastre e almacenamento no Concello de Cambre

Vista a proposta de Alcaldía de data 24 de xaneiro de 2017 que literalmente se transcribe a continuación:

“Por acordo da Xunta de Goberno Local do Concello de Cambre de data do 2 de xaneiro de 2017, aprobouse o expediente de contratación mediante procedemento aberto (con multiplicidade de criterios de valoración e tramitación documental simplificada), para adxudicar o servizo de grúa e outros servizos especiais de empuxe, arrastre e almacenamento no Concello de Cambre, cun valor estimado de 109.090,91 euros, e un orzamento total de execución por contrata de 120.000,00 euros, IVE incluído.

Os anuncios para a licitación deste servizo publicáronse no BOP nº 6 do 10/01/2017, Perfil de Contratante do Concello de Cambre e Plataforma de Contratos Públicos de Galicia con data do 10 de xaneiro de 2017, e máis no diario “La Opinión” do 13 de xaneiro actual.

O prazo de presentación das ofertas remata o vindeiro día 25 de xaneiro de 2017.

O prego de cláusulas administrativas particulares contempla a obriga do adxudicatario de subrogación do persoal da empresa que actualmente presta o servizo, nos termos establecidos no art. 25 do Convenio colectivo laboral de ámbito provincial do sector de empresas concesionarias dos servizos municipais de aparcamiento e/ou retirada de vehículos da vía pública da provincia da Coruña, (código de convenio nº 15002955011992). Para esta finalidade, e de conformidade co establecido no art. 120 do TRLCSP, incorporouse ao antedito prego, como Anexo nº VI, a información precisa sobre as condicións dos contratos dos/as traballadores/as que actualmente prestan o servizo no Concello de Cambre.

Con data do 24 de xaneiro de 2017, emítese informe pola técnica de xestión de Administración xeral, a petición do Sr. Alcalde, no que se formula proposta de desistimento, tendo en conta que no expediente non consta a información sobre o número de horas reais e efectivas que os traballadores que se indica no Anexo VI do prego de cláusulas administrativas particulares dedican ao servizo específico para o Concello de Cambre, e que a obtención desta información, co fin de poder serlle facilitada aos empresarios do sector interesados para os efectos da análise dos custos reais de subrogación do persoal, non resultaría posible antes do remate do prazo de presentación das ofertas, o que aconsella a elaboración e aprobación dun novo expediente de contratación onde conste esta información. Neste mesmo informe, propónse que o acordo se adopte antes de que remate o prazo de presentación das ofertas, que finaliza o día 25 de xaneiro de 2017.

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Protección Civil, Policía Local e Sanidade, de data 24 de xaneiro de 2017.

Por todo o exposto, e tendo en conta a delegación de atribucións desta Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 447/2016, do 18 de marzo, propoño a adopción dos seguintes **ACORDOS:**

Primeiro: Desistir do procedemento incoado para a adxudicación, mediante procedemento aberto (con multiplicidade de criterios de valoración e tramitación documental simplificada), do servizo de grúa e outros servizos especiais de empuxe, arrastre e almacenamento no Concello de Cambre, (exp. 2016/C004/000010), isto en aplicación do establecido no artigo 25 do Convenio colectivo laboral de ámbito provincial do sector de empresas concesionarias dos servizos municipais de aparcamento e/ou retirada de vehículos da vía pública da provincia da Coruña, (nº 15002955011992), e nos artigos 120, 155.3 e 158



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

do Texto refundido da Lei dos contratos do sector público, aprobado por Real decreto legislativo 3/2011 do 14 de novembro, tendo en conta que no expediente non consta a información sobre o número de horas reais e efectivas que os traballadores que se indica no Anexo VI do prego de cláusulas administrativas particulares dedican ao servizo específico para o Concello de Cambre, e que a obtención desta información, co fin de poder serlle facilitada aos empresarios do sector interesados para os efectos da análise dos custos reais de subrogación do persoal, non resultaría posible antes do remate do prazo de presentación das ofertas, o que aconsella a elaboración e aprobación dun novo expediente de contratación onde conste esta información .

Segundo: Publicar o resultado do anterior acordo no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na Plataforma de Contratos Públicos de Galicia, á que se atopa adherido o Perfil de Contratante do Concello de Cambre.”

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos sete concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as oito horas e vinte e cinco minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente
Óscar A. García Patiño

A secretaria
María Luisa de la Red Ampudia